



MEMORIA

2024

ÍNDICE DE CONTIDOS

Saúda

Servizos

Programas

Para saber máis

Formación

Equipo Humano

Inversións

Colaboradores





Soños que se cumpren

O ano 2024 marca un paso adiante no noso camiño de crear servizos de calidade para as persoas con discapacidade intelectual, ao ver culminado o último proxecto, o **centro de día residencial**.

Despois de anos de papeleo, obras, de permisos ... por fin no mes de xuño de 2024 estréase o novo centro de día, aínda que nos queda pendente a posta en marcha da residencia, que esperamos poñela en marcha cara o ano 2025.

Con este soño creamos 40 prazas máis de centro de día, significando que persoas con discapacidade intelectual que están en listas de espera para ser atendidas, van poder beneficiarse de recibir atención no noso centro, e no futuro, esperamos non moi afastado, abrir a parte residencial creando 20 prazas.

Como manifestei en anos anteriores, o meu compromiso de velar polo benestar das persoas con discapacidade intelectual, e emprender novos proxectos que supoñan unha mellora na calidade de vida das familias segue firme e adiante mentres dure o meu mandato.

Pero o novo centro de día residencial non é o único que quero destacar neste ano, tamén me orgullece o retorno do **grupo de familias**, antigamente chamado grupo de pais, un grupo que debe estar presente sempre nas nosas asociación, porque é a esencia de ASPAS.

As familias son a orixe, as creadoras da asociación, o exemplo de unión e loita de dereitos polo que debéis estar sempre presentes na vida da asociación.

Como presidenta, comprométome a escoitar as necesidades e preocupacións das familias, asegurando que as súas voces sexan escoitadas e tidas en conta en cada paso que demos.

Por iso, ánimovos a participar nos diferentes proxectos da Asociación, que hoxe en día son varios, como o grupo de familias, o camiño de Santiago, participando no desfile de entroido... porque as familias son o pilar fundamental na vida dunha persoas con discapacidade intelectual.

SERVIZOS

A Asociación ASPAS ofrece diversos servizos e programas a 131 persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias.

A CARTEIRA DE SERVIZOS estrutúrase da seguinte forma:

CENTRO OCUPACIONAL

Formado por 5 talleres que prestan un servizo de terapia ocupacional e de axuste persoal e social a 66 persoas con discapacidade intelectual maiores de 18 anos.

Taller de Manipulado

Realiza actividades relacionadas coa manipulación e montaxe de produtos como cartafoles, calendarios, trípticos ...



	PROFESIONAIS	USUARI@S
XORNADA COMPLETA	1	12
XORNADA PARCIAL	1	7



Taller de Cestería

Elabora todo tipo de produtos de vimba para particulares e comercios.



	PROFESIONAIS	USUARI@S
XORNADA COMPLETA	-	12
XORNADA PARCIAL	2	3





Taller de Abalorios

Realizar traballos de bixutería con diferentes tipos de abalorios e crean orixinais artigos de resina epoxi como chaveiros, marcapáxinas, portavelas... así como realizan os agasallos de bautizos, comunións e vodas.

	PROFESIONAIS	USUARI@S
XORNADA COMPLETA	-	11
XORNADA PARCIAL	2	1



Segue as súas creacións nas redes sociais



Abalorios_aspas



Abalorios Aspas



Taller de Pezas

A súa actividade principal é o empaquetado, retractilado e etiquetaxe de enchufes e interruptores da luz, tarefa que chega a nós a través da empresa de electricidade, DIALECTRO INDUSTRIAL.



	PROFESIONAIS	USUARI@S
XORNADA COMPLETA	1	10
XORNADA PARCIAL	-	4



Taller de Xardinería e Horticultura

Realización de tarefas de acondicionamento e conservación dos xardíns da asociación, cultivo de hortalizas e plantas ornamentais.



	PROFESIONAIS	USUARI@S
XORNADA COMPLETA	1	11



A gratificación

As persoas usuarias do centro ocupacional reciben unha gratificación económica mensual polos traballos realizados en cada taller..

A cantidade percibida depende das tarefas para realizar segundo o taller e os pluses que cada persoa alcance.



VALORACIÓN PARA GRATIFICACIÓNS

APTITUDES LABORAIS (Valorar de 1 a 10)

- Atende ás instrucións do encargado de taller
- Realiza con destreza o traballo pedido
- Traballa con constancia, sen interrupcións
- Ten iniciativas
- Mostra interese nas tarefas que realiza no taller

Puntuación Total:

ACTITUDES PARA PLUSES:

Plus ASISTENCIA

(permítese ata 3 faltas xustificadas)::

- Número de faltas totais do mes
- Faltas que están xustificadas

Pluses

(Valorar de 1 a 10)

- Comportamento
- Puntualidade
- Aseo

CENTRO DE DÍA

Unidade de Atención Personalizada

A Unidade de Atención Personalizada (UAP) ofrece unha atención individualizada a **30 persoas con discapacidade intelectual** con necesidade de apoios xeneralizados para realizar as actividades da vida diaria.

As actividades que se realizan son diversas, tales como:

- Xogos que axudan a estimular as capacidades cognitivas.
- Exercicios de Relaxación
- Paseos ao aire libre
- Faladoiros sobre temas de actualidade
- Formación en novas tecnoloxías
- Actividades artísticas (debuxo, pintura, ...)
- Celebracións de aniversarios
- Etc...



PROFESIONAIS

No centro de día traballan oito profesionais que se dedican a dar o apoio necesario e individualizado a cada persoa usuaria, na execución das actividades tanto da vida diaria como as de lecer, deportivas...



	PROFESIONAIS	USUARI@S
XORNADA COMPLETA	8	30

O apoio que se ofrece depende das necesidades e particularidades de cada persoa, ofrecendo sempre oportunidades de participación nas actividades da vida diaria, nas actividades do centro e en comunidade, co único fin de mellorar o benestar e calidade de vida das persoas.

Estreamos novo centro!!!


Luns 3 de xuño de 2024

O novo centro de día con capacidade para 70 persoas con discapacidade intelectual abre as súas portas para que se instalen as 30 persoas usuarias, esperando a que se adapten aos poucos ás novas instalacións e materiais.



As Familias visitan as instalacións

Previa á apertura do novo centro, as 30 familias das persoas usuarias foron convidadas a visitar as instalacións e a recibir información sobre a nova organización que levará a cabo nas novas instalacións.



A familia é un pilar fundamental na vida das persoas con discapacidade intelectual, xa que proporciona amor, apoio e unha contorna segura que fomenta o seu desenvolvemento e benestar emocional.

Coas novas instalacións estréanse novas actividades a realizar:

**Gardamos as nosas cousas nas taquillas e
responsabilizámonos da chave**



Preparamos o café e repartimos a froita



Poñemos a mesa para comer





Terapia Ocupacional



No servizo de **Terapia Ocupacional trabállase** coas persoas para incrementar a súa **participación nas actividades significativas**.

O seu obxectivo é **fomentar a autonomía e independencia** naquelas actividades da vida diaria onde se presentan limitacións, como pode ser o vestido, ir á compra ou o coidado do fogar.



Todo isto a través de adaptación da tarefa, produtos de apoio, asesoramento e prácticas baseadas no modelo de atención centrada na persoa.



Desde a Terapia Ocupacional trabállase para promover a participación satisfactoria nas actividades do día a día

As **intervención** poden ser **grupal** ou **individual**, dependendo das necesidades e obxectivos vitais das persoas usuarias.

A **nivel grupal** ofrécense sesións conxuntas como:

- O **taller de Equilibrio**, no que se busca un bo control postural.
- O **taller de TICs**, co obxectivo de chegar a un uso funcional das tecnoloxías..



As **sesións individuais** están enfocadas na autonomía naquelas ocupacións significativas para a persoa..

Para levar a cabo as actividades da forma máis autónoma posible utilizamos produtos de apoio como enxoval adaptado; doutra banda, tamén utilizamos ferramentas como o programa Rehametrics de rehabilitación cognitiva e a sala de estimulación sensorial.



SERVIZOS COMÚNS

01

Servizo de comedor

Cada día realízanse dúas quendas de comedor:

13,30 h Centro de día

14,15 h Centro Ocupacional

O menú mensual é elaborado por unha nutricionista, asegurando que cada prato sexa equilibrado e nutritivo para o benestar.

Menú				
SEMANA	ALMOERZO	COMIDA	CEA	DESSERTO
1	Ensalada de lechuga e tomate	Carne de vaca con patatas	Arroz con leche	Helado
2	Ensalada de lechuga e tomate	Carne de vaca con patatas	Arroz con leche	Helado
3	Ensalada de lechuga e tomate	Carne de vaca con patatas	Arroz con leche	Helado
4	Ensalada de lechuga e tomate	Carne de vaca con patatas	Arroz con leche	Helado
5	Ensalada de lechuga e tomate	Carne de vaca con patatas	Arroz con leche	Helado
6	Ensalada de lechuga e tomate	Carne de vaca con patatas	Arroz con leche	Helado
7	Ensalada de lechuga e tomate	Carne de vaca con patatas	Arroz con leche	Helado

02

Servizo de Podoloxía

O podólogo Miguel Pumares consulta nos nosos centros ás persoas usuarias que demandan os seus servizos.



03

Formación de Adultos

Na vida adulta é importante repasar os coñecementos adquiridos durante a etapa escolar e aprender novos conceptos, participando dous días á semana na clase de formación.



04

Club de lectura

Son un grupo de persoas que se reúnen co profesor de formación para ler e comentar libros editados en lectura fácil.



VIVENDAS COMUNITARIAS

Nas vivendas comunitarias conviven 24 persoas con discapacidade intelectual que asistían ao centro ocupacional durante o día e, unha delas ao seu posto de traballo en Aspas Emprego.

A visión das vivendas comunitarias é que as persoas con discapacidade intelectual convivan de forma autónoma, proporcionándolles un ambiente de fogar.

Tratamos de que lles sirva como plataforma de aprendizaxe da autonomía nas actividades domésticas e sociais, sempre co máximo respecto á dignidade persoal.



As vivendas permanecen abertas os 365 días do ano.



FIN DE SEMANA



As fins de semana e os días festivos, que permanece pechado o centro ocupacional, realízanse diferentes xogos, talleres de cociña e saídas de lecer a lugares para desconectar da rutina, descansar e gozar das vacacións.



CENTRO RESIDENCIAL

Juan Vidán Torres

No centro residencial continuamos coas rutinas do día a día, dando apoio a cada residente segundo as súas características pero sempre fomentando a súa autonomía persoal.

Como é tradición celebramos as **festas habituais**, como aniversarios, entroido, magosto, festas de verán, Nadal...

Continuamos coas sesións de **Terapia con Cans** unha tarde á semana temos sesións con Mónica e o seu can, un labrador moi dócil e amigable.

E sempre que é posible realízanse **saídas de lecer**, como ir ao cinema, a comer nun restaurante, a coñecer contornas naturais, á praia...

Este ano 4 residentes gozaron dun viaxe IMSERSO a Xixón e outras 3 persoas participaron nos campamentos de verán, organizados por Special Olympics.



Este ano lamentamos profundamente o falecemento de Antonio Gay García, que compartiu a súa vida connosco durante 27 anos, 17 deles nos centros de San Marcos e os seus últimos 10 anos connosco.



Doutra banda, damos a benvida a dúas novas residentes, Alba e Sonia, ás que estamos a coñecer aos poucos.

	PROFESIONAIS	USUARI@S
XORNADA COMPLETA	38	35
XORNADA PARCIAL	12	-

En 2005 créase o centro especial de emprego co fin de xerar unha alternativa empresarial para promocionar o emprego para as persoas con discapacidade intelectual da asociación que, por distintas razóns, non acceden a un traballo nunha empresa ordinaria.

En 2019 cualifícase como CEE SEN ÁNIMO DE LUCRO

Neste momento, a actividade de xardinería está en pleno auxe, o que levou á creación de 3 novos empregos durante o ano 2024.

Actualmente dedícase a 4 actividades

ACTIVIDADE DE XARDINERÍA

Dedícase a realizar tarefas como:

- Plantación de céspede.
- Mantemento de zonas verdes.
- Poda de árbores e arbustos
- Plantación de árbores, plantas..
- Rozamento, escarificado, abonado...
- Limpeza de leiras, montes...

Pero a actividade máis demandada é o mantemento de xardíns tanto a particulares como a entidades públicas e privadas



Traballos de Limpeza dos Ríos Sar e Sarela




Este ano asinamos un contrato coa empresa VIAQUA para facernos cargo da **limpeza de ambos os ríos**, traballo que durou 5 meses.

Neste tempo retiráronse dos ríos, a cantidade de **7875 quilos de lixo** e recolléronse **114 árbores caídas**.






Antes da limpeza



Despois da limpeza



Despois de coñecer a cantidade de residuos que recollemos do río, debemos reflexionar sobre que cambios debemos facer na nosa vida diaria para que as nosas augas permanezan limpas e saudables.



ACTIVIDADE DE LAVANDERÍA

Dedícase ao lavado, pasado o ferro e dobrado de diversas pezas de roupa e dos centros residenciais da Asociación Aspás.

ACTIVIDADES DE MANTEMENTO DO CENTRO DE RAZAS EQUINAS AUTÓCTONAS DE GALICIA (CREAG)

As tarefas principais son o mantemento das instalacións e coidado dos animais do Centro de Razas Equinas Autóctonas de Galicia.



ACTIVIDADES DE LIMPEZA

En 2023 comeza unha nova actividade en Aspas Emprego, consiste no mantemento e a limpeza das instalacións dos centros de San Marcos.



Certificámonos coas normas ISO 9001:2015 e ISO 14001:2015

A certificación coas normas ISO 9001:2015 e ISO 14001:2015 é un gran logro para Aspas Emprego.

A ISO 9001:2015 céntrase na xestión da calidade, o que significa que estamos comprometidos a ofrecer servizos de alta calidade e a mellorar continuamente.

Doutra banda, a ISO 14001:2015 enfócase na xestión ambiental, o que demostra o noso compromiso coa sustentabilidade e a protección do medio ambiente.



ACTIVIDADE	PROFESIONAIS
XARDINERÍA	11
LAVANDERÍA	5
LIMPEZA	3
MANTEMENTO DO CENTRO CABALAR	3



TOTAL TRABALLADORES: 22



PROGRAMAS

PROGRAMA DE LECER, DEPORTES E VOLUNTARIADO



Este programa consiste en facilitar os apoios necesarios para o desenvolvemento persoal e inclusión das persoas con discapacidade intelectual, a través do gozar do lecer e o deporte

Durante os días da semana realízanse actividades como:

- Natación
- Ciclismo
- Baile
- Sendeirismo
- Fútbol sala
- Baloncesto
- Petanca
- Clases en Ximnasio



As fins de semana realízanse as actividades de lecer, como saídas a pasear, ir ao cinema, excursións, ceas ...



Tamén viaxamos e facemos campamentos de verán



APOSTAMOS POLAS ACTIVIDADES INCLUSIVAS POR ESO PARTICIPAMOS E FORMAMOS PARTE

RUGBY INCLUSIVO SOMOS EQUIPO TUXELEIRE



*A súa lema
Se non xogamos todos
picamos ou balón*



LIGA DE VETERANOS FUTBOL SALA SANTIAGO



Foto: Equipo ASPAS-ASTYCO
nun partido contra
XUVENTUDE MILLADOIRO

Equipos formados por persoas con e sen discapacidade intelectual



BATUCADA

Temos dous grupos de batucada e cada vez que temos ocasión tocamos co grupo Latexo Percusión para animar as festas.



En canto ao programa de voluntariado, toda persoa interesada en compartir o seu tempo coas persoas con discapacidade intelectual teñen un sitio na nosa entidade, participando nas actividades de lecer e deportes.



Grazas ás persoas voluntarias seguimos construíndo unha contorna máis inclusiva e cheo de oportunidades para todos.

SERVIZO DE FAMILIAS

O obxectivo do servizo é apoiar ás familias que teñen algún membro con discapacidade intelectual na entidade e asesorar sobre os recursos existentes a calquera familia que o necesite.

No mes setembro retómase o **Grupo de Familias** formado por máis de 20 familiares.



Reúnense mensualmente para coñecerse, compartir experiencias, debater temas de interese e crear un espazo de apoio mutuo.

CHARLA SOBRE Os APOIOS E DEREITOS NA DISCAPACIDADE SEGUNDO LEI 8/2021

O venres 29 de novembro, tivemos o pracer de contar coa presenza de tres destacados expertos en temas legais, como son:

- **Torcuato Recover:** avogado e coordinador da rede de xuristas de Plena Inclusión España.
- **M^a José Fernández:** avogada do servizo de Asesoría Xurídica de Plena Inclusión Galicia.
- **Roberto Soto:** maxistrado do xurado de familias de Santiago de Compostela



A charla comeza coa presentación sobre a Lei 8/2021, explicando o seu propósito e a importancia de coñecer os dereitos e apoios dispoñibles para as persoas con discapacidade e as súas familias.

Pasando a comentar os cambios que xorden co cambio de lei e póñense exemplos de casos.

Nesta charla asistiron máis de 50 persoas, entre persoas con discapacidade intelectual, familiares e profesionais, que tiveron a ocasión de preguntar todas as dúbidas e preocupacións que lles está causando o cambio.



TEATRO INCLUSIVO



O musical Peter Voamos!!! continúa a súa traxectoria, ensaiando todas as semanas para cegar ao seu público en cada unha das súas representacións.

Un musical onde toda persoa encaixa, con ou sen discapacidade, home ou muller, nova ou maior... iso non importa, todos e todas poden formar parte do equipo.

Así é como se mantén vivo o espírito Aspás do musical, formado por 48 actores/actrices con discapacidade intelectual, 12 músicos, 7 bailarinas, 7 trasgos, 1 bruxo/trasgo, 3 técnicos de son e iluminación, e un grupo de familiares, traballadores e voluntarios que axudan en vestiario e maquillaxe.



RESPIRO FAMILIAR ASPAS

Programa de estancia temporal para dar apoio ás familias na atención á persoa con discapacidade intelectual nos momentos de cansazo, #estrés e/o emerxencia familiar.

Hai dúas modalidades:

- Quendas de fin de semana (de venres a luns).
- Estancias curtas nas vivendas comunitarias.

*Programa financiado polo Concello de Santiago,
a Deputación da Coruña e
Fundación José Otero-Carmela Martinez.*





OS AUTOXESTORES MOSTRAMOS A NOSA VOZ

Aprendemos a tomar nosas propias decisións, reunímonos para debater temas, compartir experiencias de vida e pedímonos consellos e opinións.

Este ano 3 autoXestores fan voluntariado en Protección Civil de Santiago de Compostela.



**PROTECCIÓN CIVIL
SANTIAGO DE COMPOSTELA**



GRUPOS DE FALAR

Que queremos dicir con grupos de falar?

Pois é simple e sinxelo, un grupo de persoas con discapacidade intelectual que se reúnen quincenalmente con Javier Riobó, psicólogo da asociación, para falar.

E de que falan?

De moitas cousas, como temas de actualidade, do tempo, de experiencias persoais, de anécdotas vividas, das familias, da vida nos centros, das actividades de lecer, do traballo nos talleres..

E para que serven estes grupos?

Os grupos de falar, pretenden ser un espazo de práctica e mellora das habilidades sociais, para a expresión e escoítaa

As Habilidades Sociais son un conxunto de habilidades, de condutas e de actitudes que nos permiten interactuar cos demais de maneira adecuada en diferentes contextos

Estas habilidades axúdanos a comunicarnos, expresar ideas e opinións, entender e comprender os demais, resolver conflitos e construír relacións saudables.

Neste ano, 47 persoas usuarias, repartidas en 6 grupos, asistiron a esta actividade en reunión quincenais





INVESTIMENTOS

A asociación cada ano inviste en equipamentos e obras diversas para mellorar as instalacións e prestar un mellor servizo ás persoas con discapacidade intelectual e as súas familias.

Os investimentos deste ano son:

EN EQUIPAMIENTO

Adquiriuse:

- Maquinaria para o taller de xardinería.
- Rectratiladoras con forno para o taller de pezas.
- Cadeiras e cadeiras de brazos de descanso.
- Taquillas para os talleres.
- Ordenadores
- Bancadas exteriores
- Armarios
- Material didáctico para o centro de día.
- Unha destrutora de papel profesional.

***Equipamento adquirido grazas á colaboración
da Deputación da Coruña.***



MELLORAS VIVENDAS COMUNITARIAS

Colocación de chans en
baños e cociñas.
Pulidos de chans en
corredor e habitacións.
Pintado de paredes en
habitacións e colocacións
de TV.

Fundación ONCE

MEJORAS EN JUAN VIDÁN TORRES

Xanelas novas en comedor,
baños e ximnasio.
Colocación de Aire
acondicionado en
habitacións e ximnasio.
Renovación de chans.

Subvención 0,7% IRPF



PARA SABER

máis



DESFILE DE ENTROIDO ASPAS no País das Marabillas




Unha ano máis participamos no desfile de entroido da nosa cidade cunha **comparsa de fantasía formada por 82 persoas**.

Alicia, o seu apreciado amigo o coello, a malvada raíña e o rei de corazóns, o chapeu tolo, as cartas, as flores, a lebre... acompañados da casa máxica na que Alicia crece sen parar.



Este ano Aspás alcanza dous premios

- 1º Premio Comparsa de barrios
- 3º Premio á mellor Carroza





Queremos agradecer ás nais e familiares que confeccionaron os traxes da comparsa e a l@s voluntari@s e traballadores que colaboraron.

GRACIAS

sen o esforzo e a ilusión de todos eles non sería posible



O camiño de Santiago

Pasiño a Pasiño... Abrindo Camiños

De Muros a Compostela



O sábado 13 de abril comezaba a aventura do **camiño pola ría de Muros-Noia**. Con moita ilusión e alegría, xuntos pasiño a pasiño, abrimos o camiño.

E nunca mellor devandito, pois se trataba dun camiño medio virxe, cheo de montes fermosos e solitarios, pura natureza e acompañados nas primeiras etapas do impresionante mar galego.

En fin, toda unha experiencia, abrindo camiños cheos de maleza e ortigas.




Un camiño onde en cada etapa incorpórase novos camiñantes, chegando a compartir a aventura máis de 80 persoas.

E así, pasiño a pasiño, con moitas anécdotas fóronse camiñando as sete etapas que nos levaron a Compostela.



E como xa é tradición, celebramos a chegada a Compostela cunha pulpada na Carballeira de San Lorenzo, onde participaron 142 persoas.





GRUPO DE MULLERES de FADEMGa Plena inclusión Galicia!



Sete mulleres con discapacidade intelectual da asociación participan neste grupo de mulleres creado e dinamizado pola federación.

O grupo serve para que as mulleres con discapacidade intelectual poidan ter un espazo onde compartir experiencias, falar sobre as súas reivindicacións e aprender sobre temas importantes como o coidado dunha mesma ou a prevención do abuso.



Os PRESENTADORES DE ASPAS *NO 60º ANIVERSARIO PLENA INCLUSIÓN* ***Alba Chao e José Antonio Martínez***



Tras superar un casting, Alba e José Antonio son seleccionados para ser os presentadores do concerto conmemorativo "O Imposible farase" para celebrar o 60º aniversario de Plena Inclusión España.





SOMOS PARTE DA SOCIEDADE COMPOSTELÁ



*Participamos no **BANQUETE DE CONXO***

O barrio de Conxo festexa cada ano o Banquete de Conxo para lembrar o convite que reuniu ao redor da mesma mesa a estudantes universitarios, obreiros e artesáns o 2 de marzo de 1856 para reivindicar a igualdade e a liberdade, queda na memoria colectiva como un dos acontecementos fundacionais do galeguismo.

Aspas, como parte da sociedade compostelá participa activamente nos festexos formando parte do desfile teatral **"Ala van estudantes e artesáns"** desde la Plaza de O Toural ata Conxo.



***Agradecemos aos Quinquillans Teatro, ao Concello Pazo de Raxoi e
a toda a organización do banquete por contar connosco
nesta marabillosa festa***

Grazas

ALBA DÁ O SALTO AO TEATRO PROFESIONAL



O ano 2024 está a ser o mellor ano na vida social de Alba, usuaria do centro ocupacional que non para de conseguir logros.

Primeiro como presentadora no 60º Aniversario de Plena Inclusión e máis tarde como actriz co espectáculo de **teatro inclusivo "Nada se sabe"** que se estrea na Mostra Internacional de Teatro de Rivadavia, pero continúa a súa andaina polas diferentes cidades galegas, como A Coruña e Santiago de Compostela

**NADA
se sabe**



¡VISÍTANNOS!

Este ano tivemos o pracer de recibir nas instalacións a:

Dona **Fabiola García**,
Conselleira de Política Social
para informarse sobre os novos
proxectos da asociación

Dona **Begoña Abeijón Fernández**,
directora xeral de Persoas con
Discapacidade para coñecer as nosas
inquietudes e necesidades.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

Carla, actriz e bailarina do Musical Mamma Mia!
sorpréndenos asistindo a un dos ensaios de Peter Voamos!!!



POSTO NO MERCADO PRAZA DE ABASTOS

No mes de xullo celébrase a reapertura do Posto na Praza de Abastos todos os sábados do ano.

Neste posto os visitantes poden atopar unha variedade de produtos, desde leitugas, tomates e verduras ata produtos artesanais, como colares, chaveiros, cestos ... realizados nos talleres do centro ocupacional.

Un punto de venda, que nos permite estar visibles nunha dos mercados máis visitados de Galicia, onde os santiagueses e as turistas teñen a oportunidade de achegarse e coñecernos.



ASISTIMOS Á 26º CONVIVENCIA DE FAMILIAS PLENA INCLUSIÓN GALICIA EN CARBALLIÑO



PARTICIPAMOS NAS SAÍDAS ORGANIZADAS POR SPECIAL OLYMPICS GALICIA

“Camiñando descubriendo Galicia en outono”

Un grupo de sete persoas gozan da ponte de decembro paseando por lugares tan fermosos como a ferverza do Ézaro e Carnota.



PARTICIPAMOS EN XORNADAS DE SENSIBILIZACIÓN

As persoas usuarias do taller de cestería comparten unha xornada con alumn@s do CEIP A Maia de Bertamiráns, co obxectivo non só de ensinar as técnicas tradicionais de cestería, senón tamén promover a sensibilización e o entendemento sobre a diversidade e as capacidades das persoas con discapacidade intelectual.



FORMACIÓN

As persoas con discapacidade intelectual fórmanse en:

"Amar es Respetar"



As persoas usuarias volveron falar, aprender e compartir sobre a sexualidade nos talleres impartidos por "Alicce, Formación Para as Relacións Humanas".



Talleres de Prevención do Abuso

Durante o mes de maio impártense os talleres de Prevención do Abuso, deseñados pola Unidade de Apoio a Vítimas con Discapacidade Intelectual (UAVDI) da Fundación A LA PAR.

Neles traballamos conceptos como:

- A intimidade
- Aprender a dicir non



Para identificar e saber pedir axuda #ante situacións de abuso.



"Empoderar ás persoas con discapacidade intelectual a través da formación é fundamental para que poidan recoñecer os seus dereitos e defenderse, creando unha contorna segura onde sentan valoradas e protexidas de calquera abuso."



Os profesionais da asociación continúan formando asistindo a cursos e xornadas a nivel individual e a nivel grupal.

Este ano realizáronse 3 cursos grupais

FORMACIÓN EN HIXIENE E SEGURIDADE ALIMENTARIA



Participan 22 profesionais

INTERVENCIÓN EN CONTORNAS MULTISENSORIAIS



Participan 8 profesionais

ESTRATEGIAS PARA AVALIAR E REDUCIR AS CONTENCIÓNS II



Participan 62 profesionais

EQUIPO HUMANO



O equipo humano de Aspas está formado por:

	ASOCIACIÓN	
PRESIDENTA	1	
XUNTA DIRECTIVA	8	
GRUPO APOIO	4	
TOTAL	13	
VOLUNTARI@S	20	
	USUARI@S	PROFESIONAIS
CENTRO OCUPACIONAL	42	7
CENTRO DE DÍA (UAP)	30	8
RESIDENCIA JUAN VIDÁN TORRES	35	50
VIIENDAS COMUNITARIAS	24	11
PERSOAL COMÚN	-	14
TOTAL	131	90

Distribución dos PROFESIONAIS en cada centro:



	Nº	C.O (1)	UAP (2)	J.V.T (3)	V.V (4)
XERENTE	1	●	●	●	●
ADMINISTRATIVAS	2	●	●	●	●
RESP. CALIDAD	1	●	●	●	●
DIR. RESIDENCIA PSICÓLOGA	1			●	
PSICÓLOGO	1	●	●		●
TRAB. SOCIAL	1	●	●	●	●
MÉDICO*	1			●	
FISIOTERAPEUTA*	1			●	
TERAPEUTA OCUPACIONAL*	1	●	●		●
MONITOR@S*	3	●	●	●	●
TEC. DEPORTIVO*	1	●	●		●
ENCARGAD@S TALLER*	4	●	●		●
CUIDADOR@S*	54	●	●	●	●
MANTEMENTO	2	●	●	●	●
COCINA*	6	●	●	●	●
LIMPEZA*	10	●	●	●	●
TOTAL	90	(1) CENTRO OCUPACIONAL (2) CENTRO DE DÍA (3) CENTRO RESIDENCIAL "JUAN VIDÁN TORRES" (4) VIVENDAS COMUNITARIAS			

*PERSONAL A TIEMPO PARCIAL Y/OU REDUCCIÓN DE XORNADA

Colaboradores



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA



CONCELLO DE SANTIAGO

Fundación Barrié



Asociación ASPAS

Rúa Sta Teresa de Jornet nº 19
15890 Santiago de Compostela
Tlf. 981 58 20 50
E-mail: aspas@asociacionaspas.org

Centro Ocupacional, centro de día e Vivendas Comunitarias

Rúa Sta Teresa de Jornet nº 19
15890 Santiago de Compostela
Tlf. 981 58 20 50

Centro Residencial "Juan Vidán Torres"

Rúa Xunlla nº 2
15895 Santiago de Compostela
Tlf. 981 53 74 86 / 981 53 72 23

ASPAS EMPREGO

Rúa Sta Teresa de Jornet nº 19
15890 Santiago de Compostela
Tlf. 981 58 20 50
E-mail: aspasemprego@asociacionaspas.org



¡SÍGUENOS!

